CA5.4 Valorouse a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuízos lingüísticos

4.29.e) Contidos

Contidos
A formación da lingua galega e da lingua castelá.
Características das etapas da historia social da lingua galega e da lingua castelá ata o século XIX.
Análise dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico e interferencias).
Adopción de actitudes positivas cara á normalización da lingua galega e coñecemento do proceso.
Valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
Crítica dos prexuízos lingüísticos.

4.30.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
30	Estratexias comunicativas para a información oral III	11

4.30.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral en lingua galega e en lingua castelá, aplicando os principios da escoita activa, estratexias sinxelas de composición e as normas lingüísticas básicas	SI

4.30.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Analizouse a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificáronse as súas características principais
CA1.2 Aplicáronse as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral
CA1.3 Realizouse un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións
CA1.4 Analizáronse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero
CA1.5 Utilizouse a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución

4.30.e) Contidos

Contidos
Textos orais.
Aplicación de escoita activa na comprensión de textos orais.
Pautas para evitar a disrupción en situacións de comunicación oral.
Intercambio comunicativo: elementos extralingüísticos da comunicación oral; usos orais informais e formais da lingua; adecuación ao contexto comunicativo.
Aplicación das normas lingüísticas na comunicación oral. Organización da frase: estruturas gramaticais básicas en lingua galega e en lingua castelá.
Composicións orais: exposicións orais sinxelas sobre feitos da actualidade; presentacións orais sinxelas; uso de medios de apoio (medios audiovisuais e TIC).

4.31.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
31	Estratexias comunicativas para a información escrita III:	11

4.31.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo	SI

4.31.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valoráronse e analizáronse as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade
CA2.2 Utilizáronse diversas ferramentas de procura na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de reinterpretación de contidos
CA2.3 Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero
CA2.4 Resumiuse o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisáronse e reformuláronse as conclusións obtidas
CA2.5 Analizouse a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración
CA2.6 Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso
CA2.7 Utilizouse o léxico específico da familia profesional do título
CA2.8 Desenvolvéronse pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permiten a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita
CA2.9 Seguironse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario adecuado ao contexto
CA2.10 Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas

4.31.e) Contidos

Contidos
Tipos de textos. Características de textos de propios da vida cotiá e profesional.
Estratexias de lectura: elementos textuais.
Pautas para a utilización de dicionarios diversos.
Estratexias básicas no proceso de composición escrita.
Presentación de textos escritos en distintos soportes. Aplicación das normas gramaticais e ortográficas en lingua castelá e en lingua galega.
Textos escritos. Principais conectores textuais en lingua castelá e en lingua galega. Aspectos básicos das formas verbais nos textos, con especial atención ás perífrases verbais, á concordancia e a coherencia temporal e modal. Funcións substantiva, adxectiva e adverbial do verbo. Sintaxe (enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; complemento directo, Léxico específico da familia profesional do título.

4.32.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
32	Textos literarios representativos da Literatura nas linguas castelá e galega III.	6

4.32.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura castelá anteriores ao século XIX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal	SI
RA4 - Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura en lingua galega anteriores ao século XX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal	SI

4.32.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua castelá no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas
CA3.2 Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información
CA3.3 Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais
CA3.4 Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos
CA3.5 Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua castelá a partir de textos literarios
CA4.1 Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua galega no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas
CA4.2 Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información
CA4.3 Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais
CA4.4 Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos
CA4.5 Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua galega a partir de textos literarios

4.32.e) Contidos

Contidos
Pautas para a lectura de fragmentos literarios.
Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.
Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua castelá a partir da Idade Media e ata o século XVIII.
Narrativa: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria.
Poesía: temas e estilos recorrentes segundo a época literaria. Interpretación.
Teatro: temas e estilos segundo a época literaria.
Pautas para a lectura de fragmentos literarios.
Instrumentos para a recollida de información da lectura dunha obra literaria.
Características estilísticas e temáticas da literatura en lingua galega desde a Idade Media e ata o século XIX.



Contidos

A literatura medieval.

A literatura dos Séculos Escuros.

A literatura do século XIX: etapas e obras máis significativas.

4.33.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
33	A formación da lingua galega e da lingua castelá e das distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas. III	6

4.33.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Coñece a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo	SI

4.33.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Analizáronse as características de formación da lingua galega e da lingua castelá
CA5.2 Identificáronse as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e da lingua castelá anterior ao século XX
CA5.3 Analizáronse os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico
CA5.4 Valorouse a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuízos lingüísticos

4.33.e) Contidos

Contidos
A formación da lingua galega e da lingua castelá.
Características das etapas da historia social da lingua galega e da lingua castelá ata o século XIX.
Análise dos fenómenos de contacto de linguas (bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico e interferencias).
Adopción de actitudes positivas cara á normalización da lingua galega e coñecemento do proceso.
Valoración do plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
Crítica dos prexuízos lingüísticos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

RESPECTO A INGLÉS - CONTIDOS MÍNIMOS

Ideas principais en chamadas , mensaxes, ordes e indicacións moi claras.

- Descrición xeral de persoas, lugares e obxectos dos ámbitos profesionais e público.
- Narracións e explicación sobre situacións habituais.
- Léxico, expresións e frases sinxelas paras e desenvolver en situacións cotiás.
- Recursos Gramaticais:
 - o Tempos e formas verbais en presente e pasado; verbos principais,modais e auxiliares.
 - o Marcadores do discurso para iniciar, ordenar e finalizar.
- Pronuncia básica
- Uso de rexistros axeitados nas relacións sociais.
- Estratexias básicas de comprensión e escoita activa.
- Formatos electrónicos máis usuais
- Elaboración de mensaxes e textos sinxelos en inglés.
- Comprensión da idea global de textos básicos cotiás.
- Interacción en conversas breves empregando formulas de cortesía.
- Elementos lingüísticos fundamentais atendendo aos tipos de textos, ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Estratexias e técnicas de comprensión de lectura.
- Estratexias de planificación e de corrección escrita.
- Funcións comunicativas máis habituais.
- Contidos léxico-semánticos básicos.
- Tempos e formas verbais: anterioridade, posterioridade e simultaneidade.
- A oración simple e a oración composta con and/or/but
- Dicionarios impresos e en liña; correctores ortográficos.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación ha ser sobre todo cualitativa. As cualificacións do alumnado non teñen que basearse única e necesariamente nas probas e exames. A cualificación global abarcará en conxunto os obxectivos, contidos, destrezas, actividades e tamén a iniciativa e creatividade do alumnado ao longo do curso escolar.

As cualificacións basearanse na seguinte distribución porcentual:

TRABALLO DE AULA E TAREFAS: 30% PROBAS: 70%

Poderase variar os porcentaxes dependendo das carecterísticas do alumnado.

Na 1ª e 2ª avaliación a nota será o número enteiro, só na 3ª se poderá redondear al alza e teñen que ter como mínimo un 4,5.

Se houbera clases PRESENCIAIS OU SEMIPRESENCIAIS:

- avaliarase traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.
- as notas das avaliación/ anterior/es se as houbera
- as tarefas entregadas durante o confinamento, e sempre entregadas no prazo indicado e avaliadas positivamente.
- Todas as tarefas teñen que estar ben presentadas: lexibles, numeradas e ordenadas, e teñen que indicar o nome do alumno e curso do alumno

que as manda.

En canto a Sociedade I, a distribución das porcentaxes será a seguinte:

- o Un 50% da cualificación total (ata 5 puntos) corresponderá á media aritmética das cualificacións obtidas nos exames ou probas escritas e orais.
- o Un 50 % da cualificación total (ata 5 puntos) corresponderá ás tarefas de clase obrigatorias e voluntarias, traballos obrigatorios, participación en clase, interese nas materias e unha actitude positiva cara oa traballo na clase.

Os exames non se repetirán a ninguén fóra das datas e do horario establecido ata o día da recuperación, salvo naquelas excepcións que dicte a lei. A falta de asistencia a un exame só se poderá xustificar mediante documentación oficial; de non existir esta, o exame se cualificará con insuficiente cero. Copiar nun exame (utilizando calquera medio) suporá súa cualificación con insuficiente cero.

Nas notas das avaliacións e na nota final as cifras decimais serán redondeadas á unidade máis próxima e as puntuacións "coma cinco" serán redondeadas á unidade seguinte.

Haberá un exame final na que os alumnos poderán recuperar unha, dúas ou tres avaliacións suspensas. Nesta proba escrita entrará como materia de exame a avaliación enteira en bloque (sen divisións en parciais). Este exame contará o 100% da nota.

Os alumnos e/ou alumnas que suspendan en xuño, aínda que teñan partes aprobadas, examinaráanse de toda a materia en setembro.

b) Dentro de COMUNICACIÓN EN LINGUAS CASTELÁ E GALEGA I a distribución das porcentaxes en cada avaliación será a seguinte:

Exames de Lingua Galega 20 %

Traballo diario en Lingua Galega 30% (actividades para entregar, exposicións, caderno de clase, participación, lecturas, realización das actividades na clase...)

Exames de Lingua Castelá 20%

Traballo diario en Lingua Castelá 30% (actividades para entregar, exposicións, caderno de clase, participación, lecturas, realización das actividades na clase...)

A falta de presentación dun traballo na data acordada suporá un 0 no mesmo.

- Para obter avaliación positiva na materia sinálanse os seguintes requisitos mínimos:

Dominio da ortografía, redacción e expresión adecuados a este nivel.

Propiedade e claridade na expresión dos conceptos.

Cofecementos suficientes dos aspectos conceptuais impartidos durante o curso.

Lexibilidade, corrección e coherencia nos traballos e probas presentados.

Na puntuación final de cada proba/actividade/traballo terase en conta a calidade da expresión escrita do alumno, e poderá descontarse da súa cualificación, ata un máximo de un punto:

- 0'05 puntos por cada falta de ortografía distinta.*
- 0'05 por cada 4 tildes sen poñer ou mal postas.
- 0'25 por presentación inadecuada.
- 0'25 por mala expresión e redacción.

*As formas inadecuadas - xq. q. tb... consideraranse faltas de ortografía.

Así mesmo, a comprobación da falta de orixinalidade do exame ou dun traballo (omisión de fontes, plaxiar o dun compañeiro, copia-pega, etc.) suporá a anulación do mesmo.

Para obter un aprobado en cada avaliación é preciso sacar un 5 ou máis.

A nota final será a media das notas das tres avaliacións.

Haberá un exame final na que os alumnos poderán recuperar unha, dúas ou tres avaliacións suspensas. Nesta proba entrará como materia de exame a avaliación enteira en bloque (sen divisións en parciais).

Os alumnos que suspendan en xuño, aínda que teñan partes aprobadas, examinaranse de toda a materia en setembro.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

-Ao ter a materia de inglés un sistema de avaliación continua, o alumnado non disfrutará de un ζ exame de recuperación ζ senón que a recuperación de coñecementos se realizará na seguinte avaliación. Cada avaliación ordinaria recupera por si mesma a anterior, sempre tendo en conta a evolución e progreso global do/a alumno/a.

Os contidos da materia poden aparecer en calquera momento ao longo do curso, tanto se o/a alumno/a xa aprobou ou se suspendeu avaliacións anteriores.

-O alumnado con inglés pendente de cursos anteriores recibirá unha programación de contidos como instrucións do que deberá preparar para superar a materia pendente.

Estas actividades secuenciaranse en períodos de avaliación.

-REFORZO DA MATERIA NON DADA O ÚLTIMO TRIMESTRE COVID:

Por mor da corentena do 3eiro trimestre do curso anterior quedaron contidos por dar e non se practicou o speaking e o listening durante ese trimestre.

Na materia de Lingua inglesa repitense todos os anos os mesmos contidos, aínda que cada ano se vai subindo o nivel deses contidos, polo tanto énos doado reforzar eses contidos non dados.

Reforzaremos eses contidos ao longo do curso repasandoos máis profundamente e facendo practicas extras deles, sobre todo nos dous últimos trimestres que o ano pasado foron os máis floxos.

a) Sociedade.

Haberá un exame final na que os alumnos poderán recuperar unha, dúas ou tres avaliacións suspensas. Nesta proba escrita entrará como materia de exame a avaliación enteira en bloque (sen divisións en parciais). Este exame contará o 100% da nota.

Os alumnos e/ou alumnas que suspendan en xuño, aínda que teñan partes aprobadas, examinaráanse de toda a materia en setembro.

b) Lingua galega e castelá

Ao ter a materia de lingua galega e lingua castelá un sistema de avaliación continua, o alumnado non disfrutará dun exame de recuperación senón que a recuperación de coñecementos se realizará na seguinte avaliación. Cada avaliación ordinaria recupera por si mesma a anterior, sempre tendo en conta a evolución e progreso global do/a alumno/a.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En inglés en setembro:

As cualificacións basearanse na seguinte distribución porcentual:

TAREFAS: 30% e PROBA: 70%

Tanto en Sociedade como en comunicación lingua galega e castelá o alumnado que perda o dereito a avaliación continua realizarase unha avaliación extraordinaria en xuño na que consistirá nunha proba escrita na que entrará como materia de exame a avaliación enteira en bloque (sen divisións en parciais). Este exame contará o 100% da nota.

Se houbera clases PRESENCIAIS O SEMIPRESENCIAIS

-Se hai exame (só se examinarán os contidos dados de forma presencial) os criterios de avaliación serán a nota obtida pola proba específica, e os exercicios de reforzo só valerán para redondear a nota.

-Se non hai exame valorarase a entrega do 100% dos traballos de reforzo que se lles pida, sempre entregados dentro do prazo e avaliados positivamente.

Tanto en Sociedade como en comunicación en lingua galega e castelá realizarase un exame en setembro da avaliación enteira en bloque (sen divisións en parciais). Este exame contará o 100% da nota.

Se houbera clases SEMIPRESENCIAIS ou un confinamento que non permita a realización dunha proba presencial: Se non hai exame valorarase a entrega do 100% dos traballos de reforzo que se lles pida, sempre entregados dentro do prazo e avaliados positivamente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación terei en conta os seguintes indicadores de logro, que me axudarán a reflexionar sobre a miña actuación cos alumnos e sobre os aspectos recollidos nesta programación:

- Materiais utilizados: si foron suficientes, atractivos, fáciles de manipular.
- Planificación adecuada: número e duración das actividades suficiente, nivel de dificultade, interese para os alumnos, obxectivos ben definidos.
- Motivación dos alumnos: despertar a súa curiosidade, acadar individualmente o nivel de desenvolvemento máximo, participación.
- Atención á diversidade: explicación a nivel individual, esixencia de resultados distintos segundo as características de cada un.
- Desenvolvemento das Tics: utilización de programas e aplicacións informáticas, búsqueda de información en Internet, utilización de medios audiovisuais.
- Temas transversais: actividades relacionadas con outras disciplinas, transversalidade de temas como igualdade, solidariedade, educación para a paz...

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para a avaliación inicial realizarase unha proba escrita na que se reflicten os contidos mínimos que o alumno debería ter para poder afrontar a materia, que se levará a cabo durante as primeiras semanas do curso. A partir desa proba inicial trazaremos para cada alumno, e de xeito individual, unha planificación de actividades e exercicios, para procurar que cada un deles poida seguir o desenvolvemento da materia dunha forma axeitada. Ademais desa proba escrita, faránse unha serie de actividades para avaliar o nivel de competencias e outras habilidades. Esta avaliación de tipo diagnóstico permite coñecer o punto de partida de cada alumno e do grupo en conxunto, establecer os axustes metodolóxicos necesarios e abordar o tratamento da diversidade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados:

Alumnos con pequenos problemas de aprendizaxe e/ou conduta as adaptacións centraranse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía máis personalizada.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Aumentar a atención orientadora.
- Alumnos con dificultades graves de aprendizaxe.
- Facilitaranse contidos e material de reforzo, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Hai que insistir nos contidos instrumentais ou de material considerados como tales.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A través desta materia traballaremos valores sociais como a liberdade de expresión, solidariedade, xustiza, igualdade, tolerancia, etc. En concreto, para traballar algúns deles, participaremos en talleres sobre determinados temas, realizaremos traballos de educación vial e reciclaxe, charlas-coloquio sobre temas como a ciberviolencia, conferencias por parte de persoal do Observatorio de Violencia de Xénero, visionado de películas onde se reforzan os valores máis importantes, etc.

Ademais axudaremos a que os alumnos desenvolvan valores de tipo individual como liberdade, responsabilidade e esforzo persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, vida saudable, creatividade, etc.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

en inglés ver películas subtítuladas.

En cominación sociedade I e comunicación el lingua castelá e galega non se comtemplan este ano.

10. Outros apartados

10.1) comentario sobre a programación

Os ciclos de Formación Profesional Básica contribuirán, ademais, a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente, e contén a formación necesaria para que o alumnado poida mellorar e incrementar as súas posibilidades de desenvolvemento persoais, sociais e profesionais.

10.2) ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL Ou NON PRESENCIAL

Entendemos como ensino non presencial exclusivamente aquela situación na que as autoridades educativas decidan, por motivos sanitarios, a suspensión das clases presenciais e a súa substitución polo ensino telemático. Nesta situación contémpanse dous posibles escenarios: actividade

lectiva semipresencial e actividade lectiva non presencial

Tanto no escenario semipresencial como no suposto de ensino a distancia, tentarase abarcar todos os resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación marcados para as clases presenciais, aínda que hai que ter en conta que é imposible asegurar que, efectivamente, se poida levar a cabo, xa que os escenarios ante os que nos podemos atopar son múltiples e moi diversos. Por tanto, o número esixido poderá verse reducido, sempre tentando conservar os considerados mínimos.

Como canles prioritarias de comunicación co alumnado e as familias utilizarase: Aula Virtual do centro, correo electrónico (todo o alumnado e o profesorado do centro ten unha conta xxxx@iesdefene.gal), Abalar.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

SEMIPRESENCIAL: Se as autoridades educativas deciden a suspensión da actividade lectiva presencial por un período de tempo limitado que finalice coa volta ás clases, ou períodos alternos de asistencia e non asistencia, non se alterarán substancialmente os contidos curriculares. Os criterios de cualificación e os instrumentos de avaliación manteranse, reservando o período de ensino telemático exclusivamente para realizar diversas tarefas e / ou traballos (avaliados ao mesmo nivel que os realizados presencialmente) que cada profesor estipule, explicación dalgunhas contidos, envío e corrección de actividades. Para realizar as probas obxectivas esperarase á reincorporación ao ensino presencial. Cando un profesor considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

DISTANCIA

No caso de que as autoridades sanitarias decidan a suspensión da actividade presencial por un tempo prolongado ou que, sen selo, imposibilite a realización presencial das probas correspondentes a cada unha das avaliacións, co fin de outorgar en cada curso unhas cualificacións da materia coa maior obxectividade posible, o profesorado poderá deseñar probas telemáticas ou substituílas por tarefas e/ou traballos en función da situación de excepcionalidade vixente.

Estas probas ou tarefas desenvolveranse no formato establecido polo profesor e o alumno será informado previamente das súas características. Se as actividades / traballos que presente o alumnado non son de autoría propia serán cualificados cun 0.

-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

O alumnado será avaliado na fase non presencial mediante a elaboración de traballos escritos ou orais, probas ou cuestionarios e realización de tarefas indicadas polo profesorado. Estas poden ser de distinto tipo, atendendo ás posibilidades que nos ofrecen as aulas virtuais.

O profesorado recollerá de forma sistemática a información dos traballos entregados polo alumno e revisará se as entregas se realizan dentro dos prazos establecidos e a calidade dos mesmos.

Se, atendendo ás particularidades da situación, se imparten clases por videoconferencia, pódese ter en conta a participación do alumnado nelas ou nos chats e foros que se habiliten, ao igual que se valora a participación e o traballo diario nas clases presenciais.

En calquera momento poderá ser requirida unha proba oral para comprobar os coñecementos do alumnado se se ten sospeita de que as tarefas e/ou probas escritas non foron realizadas polo alumno/a.

-NOTA DA AVALIACIÓN:

EN COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ:

Se a materia impartida e examinada de forma presencial é igual ou superior ao 50%:

Probas e traballo presencial 80% (segundo os criterios da programación ordinaria)

Tarefas, traballos, probas telemáticas non presenciais: 20%

Se a materia impartida e examinada de forma presencial é inferior ao 50% ;

Probas e traballo presencial 70% (segundo os criterios da programación ordinaria)

Tarefas, traballos, probas telemáticas non presenciais: 30%

EN SOCIEDADE:

50% Traballos e tarefas entregados a través da aula virtual,

50% Probas obxectivas realizadas na aula.

EN COMUNICACIÓN EN LINGUA E LITERATURA GALEGAS E SOCIEDADE:

-NOTA FINAL: En caso de obter unha cualificación negativa na materia, o alumnado poderá realizar un proba de recuperación que se desenvolverá segundo o formato e os criterios establecidos polo profesor/a

Para recuperar, o cálculo será o seguinte:

NOTA PRESENCIAL 50%

TAREFAS/ PROBAS INDIVIDUAIS DE RECUPERACIÓN 50%

Este alumnado terá que realizar tarefas específicas que consistirán en actividades e/ou probas online. Da súa correcta realización e entrega dependerá parte da nota de recuperación. A simple entrega non garante a puntuación do devandito traballo. A falta de orixinalidade suporá a anulación do mesmo e a súa puntuación será 0.

Tamén formarán parte deste grupo aqueles alumnos que, por motivos de enfermidade, non puideron realizar algunha proba importante nalgunha avaliación.

-CONVOCATORÍA EXTRAORDINARIA: A proba e/ou actividades contarán un 100% da nota, polo que será necesario sacar un 5 para poder superar a materia. A falta de orixinalidade ou copia supoñerá a anulación do mesmo e a súa puntuación será 0.

ALUMNADO EN CORENTENA

Durante este curso pode ser frecuente que haxa alumnado que, aínda atopándose ben fisicamente, non poida asistir a clase durante algúns días/semanas por estar en corentena. Nestes casos, o sistema que se seguirá será o seguinte:

O profesor/a comunicará ao alumno/a e/ou ás súas familias, a través das canles de comunicación antes indicados (aulas virtuais Moodle, correo electrónico ou Abalar) as tarefas que se están levando a cabo nas clases presenciais, e será a súa responsabilidade realizalas durante o seu período de corentena e remitilas ao profesor/a da forma que este lle indique.

As probas obxectivas que se realicen durante ese período realizaraas presencialmente no momento da súa incorporación ao instituto, o primeiro día ou, como moi tarde, ao día seguinte.

Se se da o caso de que non fora posible realizalas presencialmente dentro da avaliación, o alumno realizaría unha proba telemática, seguindo as instrucións do profesor/a.

Os criterios de cualificación manteríanse, dado que se segue considerando que este alumnado está escolarizado no ensino presencial.

Cando un profesor/para considere que as probas ou traballos que se fagan de forma non presencial necesiten dunha verificación de autoría, poderá solicitar a realización dunha defensa oral que demostre a mesma e a asimilación dos contidos.

Isto mesmo aplicarase a todo tipo de ausencias nas que o alumnado non estea imposibilitado para poder seguir traballando desde a casa.

COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA I

PROGRAMACIÓN NON PRESENCIAL

A) Temporalización: dependerá de cando sexa o confinamento

B) Contidos: Repasáronse e reforzáronse os contidos da 1ª e 2ª avaliación principalmente.

C) Instrumentos de avaliación: As tarefas enviadas foron principalmente exercicios gramaticais, pequenos textos con preguntas e pequenas redaccións.

Procedementos de avaliación: é o profesor o que lles corrixe as tarefas e á veces pídeselles que refagan unha tarefa se moi mal feita.

D) AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN:

Dependendo de cando sexa o confinamento e canto poda durar, é moi complicado establecer uns criterios de avaliación e cualificación. Polo tanto faríanse as modificacións oportunas cando a situación o requira.

Pero teríamos en conta:

-Avaliación:

Procedementos:

- traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.

- O traballo realizado polos alumnos durante no período do confinamento (de revisión, extensión e novos contidos). Traballo corrixido polo profesora ou auto corrección coa axuda dun solucionario e posta en común dos erros e dúbidas que poidan ter a través de videoconferencia o intercambio de mensaxes por correo electrónico ou whatsapp coa profesora. No caso de que os as tarefas estean con moitos erros os alumnos teñen que volver a facelas.

-Non se terán en conta os exercicios copiados nin os entregados fora de prazo

Instrumentos: exercicios de gramática e vocabulario, textos con preguntas e redaccións a través de plataformas online e emails.

-Cualificación final:

-avaliarase traballo e participación na aula e as tarefas da casa anterior ao confinamento.

-as notas das avaliación/ anterior/es se as houbera

- as tarefas entregadas durante o confinamento, e sempre entregadas no prazo indicado e avaliadas positivamente.

-Todas as tarefas teñen que estar ben presentadas: lexibles, numeradas e ordenadas, e teñen que indicar o nome do alumno e curso do alumno que as manda.

-Setembro:

-Se hai exame (só se examinarán os contidos dados de forma presencial) os criterios de avaliación serán a nota obtida pola proba específica, e os exercicios de reforzo só valerán para redondear a nota.

-Se non hai exame valorarase a entrega do 100% dos traballos de reforzo que se lles pida, sempre entregados dentro do prazo e avaliados positivamente.

-Pendentes: Criterios de avaliación: comprender ideas principais de textos de temática diferente, ser capaz de redactar textos cuidando léxico e gramática, usar as redes sociais para buscar información enviar tarefas e estar en contacto coa comunidade educativa .

.Criterios de cualificación: entregar o 100% das tarefas no prazo indicado e valoradas especificamente. Procedementos e instrumentos de

avaliación: a entrega de redaccións, exercicios, resumos, etc que serán corrixidos polas profesoras ou autoevaluados coa axuda das solucións.

PROGRAMACIÓN SEMI- PRESENCIAL

Poderíanse dar dous supostos nunha situación de semi-presencialidade, cando nunha mesma clase habería alternancia de asistencia dos alumnos:

1) O primeiro suposto sería que unha metade asiste a clase durante unha semana ou dúas semanas e mentres a outra permanece en casa seguindo en streaming as clases presenciais ao mesmo tempo que os seus compañeiros que están nese momento na clase, sempre e cando a

tecnoloxía, internet do IES o permita e tódolos rapaces teñan tamén as condición tecnolóxicas axeitadas para esta opción.

Neste caso a situación en relación coa programación presencial non variaría moito, posto que todos os rapaces están a seguir as clases de xeito normal, aínda que si habería que alixeirar os dous primeiros bloques (traballaríanse bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción.)

2) No segundo suposto, sería que unha metade asistise a clase unha semana e nese período darase toda a información teórica necesaria e as tarefas a facer en relación a ese punto do contido explicado en clase, e que logo deberan facer na semana que queden na casa; mentres a segunda metade estará en casa facen as tarefas encomendadas na semana do súa quenda presencial na aula. O grupo de alumnos que está nasa facendo as tarefas debe ser monitorizado e seguido pola súa profesora a través da Aula Virtual ou Google classroom e tamén a familia debe ser sempre sabedora das tarefas e o traballo a realizar na casa durante a semana que teñen que ficar na casa.

Tampouco neste caso a situación en relación coa programación presencial non variaría moito, posto que todos os rapaces están a seguir as clases de xeito normal pero estruturado de forma diferente, pero tamén habería que alixeirar os dous primeiros bloques (traballaríanse bloque 1 comprensión de textos orais o bloque 2 produción de textos orais: expresión e interacción.)